

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia da 1ª Tte de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE**, tenente de Alcalde **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **N/A**

Secretario da Corporación: **JULIO MÉNDEZ CASTRO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á seguinte Orde do Día :

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**
- 2º.- EXPTE. 1265/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO.**
- 3º.- EXPTE. 1560/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2019-2020.**
- 4º.- EXPTE. 1561/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS NORMAS QUE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2019-20.**

1º.- ACTAS ANTERIORES.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 3 de setembro de 2019

- 2º.- EXPTE. 1265/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO.**



ANTECEDENTES:

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xullo de 2019 acordou:

“PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a mellor relación calidade-prezo, para o servizo de PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira, e que se convoque a súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS anuais (55.000€), o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 326.22799 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas particulares que rexerán o dito contrato.”

Visto que publicado o anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

- Núm. de rexistro de entrada: 3.389. Empresa: GRUPO ACODE EDUCA, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.438. Empresa: MAIS ESCOLA, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.439. Empresa: COESCO, S. L. U.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.445. Empresa: ENRÉDATE TEMPO LIBRE. MANUEL GARCÍA LÓPEZ.

- Núm. de rexistro de entrada: 3.452. Empresa: ALVALOP SERVICIOS XXI, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3.454. Empresa: SERVIPLUS TOTAL, S. L.

Vistas as Actas da Mesa de Contratación, celebradas o día 14 de agosto de 2019 (Apertura sobres A e B).

Visto o informe da valoración (xuizos de valor) das ofertas presentadas con arranxo aos criterios e as ponderacións establecidas no Prego, de 16 de agosto de 2019, emitido pola Educadora Social do Concello.

Vista a Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 22 de agosto de 2019 (Apertura sobre C), na que se sinala:



“Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

- GRUPO ACODE EDUCA, S. L.: **5,51 PUNTOS.**
- MAIS ESCOLA, S. L.: **5,98 PUNTOS.**
- COESCO, S. L. U.: **7,07 PUNTOS.**
- ENRÉDATE TEMPO LIBRE. MANUEL GARCÍA LÓPEZ.: **EXCLUÍDO.**
- ALVALOP SERVICIOS XXI, S. L.: **5,82 PUNTOS.**
- SERVIPLUS TOTAL, S. L.: **4,24 PUNTOS.**

*Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do “**SERVIZO DE PROGRAMA LÚDICO EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO**” á Empresa COESCO, S. L. U.”*

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de agosto de 2019 acordouse:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realizada pola Mesa de Contratación de data 22 de agosto de 2019, en relación a contratación **DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira.**, na que se propón para a contratación á empresa **COESCO, S.L.U.**, polo prezo de 49.350,00.-€ mais IVE, así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirit a empresa COESCO, S.L.U., dentro do prazo de dez días hábiles seguintes o da recepción deste acordo, presente a documentación sinalada na cláusula XIX do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (Cláusula XX do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares).

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saída 2019-S-RE-297, de data 29 de agosto de 2019 requírese ao licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa que presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia a cláusula XVIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada 2019-E-RC-3818, de data 05-09-2019 de setembro de 2019 a candidata COESCO, S. L. U. constituíu a garantía definitiva polo importe de 2.467,50.- €, mediante depósito en efectivo, ingresado na conta de Banco Santander con data 05 de setembro de 2019 , e con Rexistro de Entrada 2019-E-RE-273 presentou a documentación administrativa esixida.



Visto o intervido e conforme da Intervención.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

Primeiro: Adxudicar definitivamente á empresa COESCO, S. L. U. o contrato do "**SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela de Bandeira**", nas condicións do expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 27 de xullo de 2019 e o acordo adoptado na sesión do 27 de agosto de 2019, sendo o **Prezo de Adxudicación: CORENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS (49.350,00.- €.) MAIS O IMPORTE CORRESPONDENTE AO IVE: CATRO MIL NOVECENTOS TRINTA E CINCO EUROS (4.935,00.- €.)**.

Segundo: Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

3º.- EXPTE. 1560/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2019-2020.

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística, de aprobación das Bases polas que se regula a convocatoria de axudas para o transporte universitario e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2019-2020.

Á vista da documentación que figura no mencionado expediente, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

APROBAR as bases polas que se regula a convocatoria de axudas para o transporte



universitario e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2019-2020.

“BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2019-2020

O Concello de Silleda coñecedor da realidade actual de moitas familias do municipio e consciente da necesidade de garantir a igualdade de acceso ás ensinanzas universitarias, independentemente do lugar onde se resida e co ánimo de minorar o impacto que tales gastos supoñen na economía doméstica, establece as presentes bases que regulan a convocatoria de axudas ao transporte para estudantes universitarios e de ciclos formativos que cursen estudos oficiais nalgún dos Campus e/ou Institucións da nosa Comunidade Autónoma.

PRIMEIRA:- Obxecto

O obxecto das presentes Bases é a concesión de axudas para reducir os gastos dos alumnos e alumnas empadroados/as, polo menos un ano antes da publicación destas bases, no Concello de Silleda que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na nosa Comunidade Autónoma.

SEGUNDA: - Procedemento para concesión das axudas

O procedemento para a concesión das axudas ao transporte universitario para o curso escolar 2018-19, rexerose polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nestas estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da referida Lei, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa vixente de xeral aplicación.

TERCEIRA: Importe máximo da axuda

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía de 20.000 euros, este importe poderá verse incrementado no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orzamentos do Concello de Silleda.

O importe máximo da subvención por beneficiario será de 450€.

CUARTA.- Beneficiarios/as das axudas



Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran os requisitos seguintes:

1.- Estudantes residentes e empadroados/as no municipio de Silleda, polo menos un ano antes da publicación destas bases, que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Renda Familiar

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no punto seguinte.

4.- Cálculo da renda familiar. Obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obtiveran ingresos de calquera natureza de conformidade coa normativa que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas.

Son membros computables da familia:

- a/o solicitante

- a nai e o pai

-os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2018 ou de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade

- os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

- En caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante, salvo no caso de custodia compartida. Terá tamén a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, así as súas rendas incluíranse no cómputo da renda familiar.

Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2018, a efectos de cálculo da renda per cápita familiar sumaranse a base imponible xeral e base imponible de aforro e o resultado dividirase entre os membros da unidade familiar

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

Para a concesión desta axuda, e sempre que o órgano competente para a súa adxudicación o estime, poderanse valorar as circunstancias de necesidade, xustificadas co preceptivo informe dos Servizos Sociais Municipais.



QUINTA.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes para participar na convocatoria presentaranse nun prazo 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación das presentes bases, a través do modelo Anexo I coa documentación complementaria esixida na base sexta, no Rexistro Xeral do Concello de Silleda, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.

SEXTA.- Anexo I, e documentación obrigatoria.

Os/As solicitantes deben presentar a súa instancia segundo modelo normalizado, á cal deberán achegar cos seguintes documentos:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante.

2º.- Fotocopia da matrícula do curso escolar en curso ou na súa falta certificado acreditativo expedido pola secretaría do centro.

Tratándose de alumnos que van matricularse trala convocatoria de setembro, bastará con que acompañen declaración xurada da súa intención de matricularse, debidamente subscriba polo alumno/a ou o seu/súa representante legal, sendo necesario que antes do día 15 de decembro presenten fotocopia do resgardo da matrícula. En caso de non remitir o documento antes da referida data considerárase que o/a interesado/a desiste da súa solicitude.

3º.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2018.

4º.- No caso de non ter presentada a declaración da renda 2018, xustificante dos ingresos netos (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións,...) dos membros computables da unidade familiar

5º.- Certificación bancaria da conta corrente, na que apareza como titular a/o solicitante da axuda ou, no seu caso, do/a titor/a legal do/a mesmo/a.

6º.- Volante de convivencia, da/o solicitante

SÉTIMA : Resolución e notificación.

A convocatoria estará condicionada á existencia de crédito orzamentario.

Á vista das solicitudes, a documentación presentada e a proposta de resolución, si concorren os requisitos esixidos e ata o límite do crédito existente na liña orzamentaria que corresponda, a Xunta de Goberno Local aprobará a acta provisional, a cal publicárase no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda, tanto físico como electrónico na páxina web municipal, concedendo un prazo de 10 días naturais para presentar alegacións.



Examinadas as alegacións no seu caso, formularase a acta definitiva aprobada por Xunta de Goberno Local, que deberá expresar o/a solicitante ou relación de solicitantes para os/as que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.

O prazo máximo para resolver será antes do 31 de decembro do antedito curso escolar, aprobado pola Xunta de Goberno Local. Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA TRANSPORTE UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA CURSO 2019-2020

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos _____ DNI _____

Enderezo _____

NºTeléfono/correo-e _____ / _____

Curso _____

Centro _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Renda da unidade familiar 2018
- No caso de non presentar a declaración da renda 2018, xustificante dos ingresos netos das persoas que forman a unidade familiar (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións...)
- Certificación bancaria da conta corrente, na que será titular a/o beneficiaria/o da axuda ou, no seu caso, do titor legal do mesmo.
- Copia matrícula do curso escolar 2019/20 ou na súa falta certificado acreditativo da matrícula
- Copia do DNI do solicitante
- Volante de convivencia



Silleda a de..... De 2019.

Sinatura:"

4º.- EXPTE. 1561/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS NORMAS QUE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2019-2020.

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización Lingüística, de aprobación das Normas que rexerán as axudas complementarias dirixidas ás familias que precisan de unha protección especial, así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar. Curso 2019-2020.

Á vista da documentación que figura no mencionado expediente, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

APROBAR as Normas que rexerán as axudas complementarias dirixidas ás familias que precisan de unha protección especial, así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar. Curso 2019-2020.

“NORMAS QUE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2019-20

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases, convocar as axudas do Concello de Silleda destinadas a completar o 100% do gasto de adquisición de libros de texto e material



escolar de educación primaria e educación secundaria obrigatoria en centros públicos, no curso escolar 2018/2019, para as familias que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en desemprego.

2.- GASTOS SUBVENCINABLES

Libros de texto e material escolar, fixado polo centro educativo, para o alumnado de centros públicos matriculados en educación primaria e educación secundaria obrigatoria

3.- DESTINATARIOS

Unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego, Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, e Víctimas de violencia de xénero, con menores a cargo, escolarizados en centros de ensino públicos do termo municipal de Silleda, que vaian cursar estudos de ensinanza primaria ou secundaria obrigatoria, no curso 2017-18

4.- PARA TER ACCESO ÁS AXUDAS

Atoparse en algún dos seguintes supostos:

a) Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, (numerosas, monoparentais, con persoas maiores ao cargo, con persoas con discapacidade ao cargo, con persoas dependentes ao cargo, acolledoras)

b) Víctimas de violencia de xénero.

c) Familias con todos os seus membros en situación de desemprego no momento de realizar a solicitude.

Cumprir os seguintes requisitos:

d) Ser pai, nai ou titor/a legal do alumno/a matriculado/a en educación primaria, ou en educación secundaria obrigatoria.

e) Estar empadroado/a e residir de xeito efectivo no Concello de Silleda e convivir cos menores para os/as que solicita a axuda.

f) Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda teña a matrícula nalgún centro escolar público do Concello de Silleda, durante o curso escolar 2019-2020.



Ter concedida a axuda de acordo coa ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidariode libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/2020.

g)Ter presentada declaración da renda do exercicio 2018, no caso de non estar obrigado a presentación, certificado expedido pola axencia tributaria de que non consta presentada a declaración do IRPF para o ano 2018.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, segundo modelo Anexo I, deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda en horario de 9:00 a 14:00.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días dende o día seguinte á publicación destas bases no sitio web do Concello de Silleda, www.silleda.es

5.- CONTÍA DAS AXUDAS

As achegas concederanse, por alumno/a, para complementar, a diferenza da axuda concedida pola Xunta de Galicia, ao abeiro da ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidariode libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/2020.

Terán preferencia na concesión destas axudas locais, as solicitudes coas rendas per cápita mais baixas, atendéndose ata o total máximo da dispoñibilidade de crédito orzamentario.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do



aforro; cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) Os/As pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o/a titor/a ou titore/as do alumnado.

b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

c) Os/as fillos/as maiores de idade con diversidade de calquera índole ou incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

e) Os/as proxenitores/as separados legalmente ou divorciados/as con custodia compartida que forman unha unidade familiar cos/as fillos/as que teñen en común.

f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no punto anterior desta convocatoria, achegarase un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar

6.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN



a) As persoas que desexen optar ás axudas deberán presentar as solicitudes segundo o Anexo I. As instancias poderán obterse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou tamén descargarse do sitio web do concello no enderezo electrónico www.silleda.es

b) Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

- copia do vale concedido pola Xunta de Galicia

- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

2º. Volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais do Concello

- copia Renda da unidade familiar correspondente ao exercicio 2018

- No caso de non ter presentada declaración da renda 2018 acreditación dos ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar

- Copia do DNI do solicitante

- Copia da demanda de emprego en vigor

- Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial.

7. - TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Dende o departamento de Benestar emitirase a proposta da resolución provisional e correspóndelle ao órgano competente a resolución definitiva.

8.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas as seguintes:

- Realizar o gasto de acordo coa finalidade para a que se lle concedeu a axuda económica.

9.- DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA



Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía de 20.000 euros, este importe poderá verse incrementado no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orzamentos do Concello de Silleda.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2019-2020

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai/Nai/Titor/Titora)	
Nome e apelidos	
Enderezo	
DNI	
Teléfono/Correo-e	

DATOS DO/A FILLO/A PARA O/A QUE SOLICITA A AXUDA	
Nome e apelidos	
Idade	
Curso	
Centro	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia do vale concedido pola Xunta de Galicia
- Xustificante de compra, da librería, onde aparezan os libros e/ou material adquirido
- Copia do libro de familia



- Copia do DNI do solicitante*
- Renda da unidade familiar 2018*
- Acreditación dos ingresos netos de todos os membros da unidade familiar (só no caso de non ter presentada declaración 2018)*
- Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial. (monoparental, numerosa, con dependentes a cargo, demandante de emprego, vítimas de violencia de xénero ...)*
- Volante de convivencia*

Silleda,de de 2019.

Sinatura:"

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 6 de setembro de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández
Méndez Castro

O SECRETARIO acctal.
Asdo. Julio

